

Estimado coexpositor:

Coma todos os anos, a Consellería do Mar da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, e dentro das súas actuacións de promoción do sector pesqueiro, prepara a programación para asistir ás diferentes feiras de ámbito internacional e nacional, durante o ano 2020.

Como vostede sabe, para poder acudir a cada unha das feiras cómpre alugar o chan en que se vai situar o posto da consellería con bastante antelación. A solicitude do espazo para o ano 2020 fíxose tendo en conta o interese manifestado polas distintas empresas nos cuestionarios que cobren despois de cada feira á que asistiron no último ano e a media de participación nos últimos anos.

Por outra banda, a consellería acudirá ás feiras recollidas no anexo II, e o número aproximado de empresas que poderán participar en cada unha delas é a que se indica no mesmo anexo.

Debido ás circunstancias económicas actuais podería ocorrer que, aínda que o chan xa está comprometido, o orzamento do ano 2020 non permitise acudir a todas.

Esta participación está unicamente destinada a aquelas empresas produtoras e comercializadoras de produtos pesqueiros con sede social en Galicia.

Se vostede está interesado en participar nalgún certame feiral no posto da Consellería do Mar deberá cubrir a ficha que se achega como **anexo I, unha por cada unha das feiras a que queira asistir, indicando claramente en cal das dúas modalidades quere participar.**

Existirán dúas modalidades de participación, das cales deberá elixir unha, que nos indicará no anexo I para cada unha das feiras a que queira asistir:

1) Como coexpositor:

Os espazos dos coexpositores serán atendidos en todo momento por persoal da empresa, todos os días da feira e durante todo o horario de apertura desta.

Será imprescindible a presenza obrigatoria dun representante da empresa o día da montaxe para a recepción da mercadoría, á hora que se lles indique, así como para ultimar a decoración dos seus postos coa antelación suficiente á inauguración do certame.

Deberán recoller, ao final da feira, todos os seus produtos e entregalos ao persoal responsable da empresa montadora do posto segundo as normas e indicacións que dende a organización se diten.



Nin a Consellería do Mar, nin a empresa organizadora da montaxe e atención ao posto serán responsables das perdas ocasionadas pola falta de cumprimento dos parágrafos anteriores.

Coma en edicións anteriores, e co obxecto de lograr unha maior corresponsabilidade por parte do sector, a empresa adxudicataria, na construción e atención dos postos, prestará unha serie de servizos que contribuirán a unha mellor organización do evento, cuxo custo será en parte asumido polos coexpositores, os cales tamén contribuirán ao pagamento do alugamento do chan e/ou a imaxe da empresa, unha vez que nos comuniquen a súa conformidade de asistir a cada unha das feiras, utilizando o modelo do anexo I.

As empresas solicitantes deste espazo, aboarán á empresa adxudicataria, unha contía de 1.700,00 € mais o IVE correspondente, en concepto de xestión do espazo e imaxe da empresa.

2) Como participante en reunións específicas (centro de negocio):

A participación das empresas nesta modalidade non obriga a permanecer na feira durante os días que esta dure, soamente nas datas e horas en que teña concertado un encontro de negocio, ben pola súa conta ou ben a través da empresa que poñerá a súa disposición a empresa adxudicataria da montaxe e atención do posto.

Para poder utilizar este espazo, deberase solicitar por anticipado, e antes do reparto definitivo dos espazos entre os coexpositores, sendo a empresa adxudicataria a encargada de xestionar a súa utilización, establecendo un calendario de uso. As empresas solicitantes deste espazo, aboarán á empresa adxudicataria, unha contía de 300,00 € mais o IVE correspondente, en concepto de xestión do espazo.

A Administración porá á disposición das empresas un servizo de dinamización de encontros con posibles clientes.

Unha vez solicitado participar en algunha das distintas modalidades e realizado o pago correspondente, este non poderá ser devolto, debido a que a partir dese momento a empresa adxudicataria incorrerá nunha serie de gastos (construción de elementos específicos do posto en función do número de empresas participantes, individualización dos espazos e elementos personalizados das empresas, catálogos da feira e os propios do posto...).

Se a empresa/asociación que vostede representa ten interese en participar, nalgunha das dúas modalidades indicadas, no posto da Xunta de Galicia, nas condicións establecidas, cómpre que nos indique o máis pronto posible a súa resposta e que nos faga chegar o anexo 1 que se achega, UN POR CADA FEIRA, dado que as distintas prazas iranse cubrindo por rigoroso orde de chegada de solicitude.

As empresas que non teñan espazo por falta de dispoñibilidade quedarán nunha lista de espera que se formará por rigorosa orde de entrada da súa solicitude nesta administración, así como ter cumprido as condicións de participación en anos anteriores (ter asistido coa consellería cando así o tivesen solicitado ou terse dado de baixa por unha causa xustificada e terllo comunicado á consellería



e que esta o admitise e ter estado presente no posto dende o día da recepción da mercadoría e ata o final da feira).

Se vostede quere participar como coexpositor ou nun centro de negocio no posto da Consellería do Mar nalgũa outra feira no ano 2020, que non estea recollida na relación que se achega no anexo II, cubra igualmente o anexo I co nome da feira e envíenolo. Indicará as datas e o lugar de celebración, xa que de ter un numero de solicitudes importantes poderíase intentar ir a elas.

Así mesmo, pode reflectir calquera outro comentario ou suxestión que nos permita dar unha mellor resposta ás necesidades e demandas das empresas participantes, xa que o obxectivo principal deste programa é fomentar a consecución de novas saídas comerciais para o noso sector.

Esperamos que a nosa proposta sexa do seu interese e que sirva para que o sector participe na planificación e desenvolvemento das nosas iniciativas, agardamos a súa comunicación dirixida á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Servizo de Mercados, facendo constar na punto ASUNTO: solicitude de asistencia a feiras 2020, do seguinte xeito:

- Por correo electrónico dirixido ao servizomercadospesca@xunta.es.
- Por rexistro a través do Rexistro xeral electrónico REXEL (<https://sede.xunta.gal>), código de procedemento PR004A dirixido a SERVIZO DE MERCADOS da DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA da CONSELLERÍA DO MAR.
- Por correo postal, que quede constancia da data en que foi enviado.

En calquera das modalidades que vostede faga a súa solicitude deberá gardar cunha copia na que se reflecta día e hora de entrega, para calquera reclamación posterior.

Agradecendo de antemán a súa colaboración, reciba un saúdo.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2019.

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

M^a Mercedes Rodríguez Moreda



**ANEXO I****Solicitud para asistencia á feira⁽¹⁾:****Nome da Feira:**⁽¹⁾ Indique claramente o nome da feira.

Recorde que debe enviar un anexo por cada feira

PARTICIPANTE EN CALIDADE DE (marque unha destas dúas opcións)☐ **Coexpositor.**☐ **Participante en reunións específicas no centro de negocio.****ASOCIACIÓN OU EMPRESA**

NOME DA EMPRESA	
CIF/NIF	
DOMICILIO FISCAL	
CÓDIGO POSTAL	
CONCELLO	
PROVINCIA	
DOMICILIO A EFECTOS DE COMUNICACIÓN	
NOME INSCRICIÓN NO CATÁLOGO OFICIAL	
MARCAS COMERCIAIS	
MARCAS COMERCIAIS	
PRODUTOS A ESPOÑER NA FEIRA	
WEB	

RESPONSABLE DA SOLICITUDE DEBIDAMENTE AUTORIZADO**PERSOA DE CONTACTO PARA ESTA FEIRA**

NOME	
POSTO NA EMPRESA	
TELÉFONO FIXO	
TELÉFONO MÓBIL	
CORREO ELECTRÓNICO	

Autorizo a que estes datos sexan facilitados á empresa adxudicataria da montaxe do posto e á empresa propietaria dos dereitos de xestión do chan da feira, para todo o relacionado con ela.

Data, sinatura e selo da empresa





ANEXO II

FEIRAS EN QUE É POSIBLE PARTICIPAR NO ANO 2020

A) FEIRAS DO 1º SEMESTRE

feira	datas	nº aproximado de coexpositores
Fish International Bremen	09 ao 11 de febreiro	10
Seafood Expo North America, Boston	15 ao 17 de marzo	12
Salón Gourmets, Madrid	30 de marzo ao 2 de abril	22
Seafood Expo Global, Bruxelas	21 ao 23 de abril	38
Alimentaria Barcelona	20 ao 23 de abril	26

B) FEIRAS DO 2º SEMESTRE

feira	datas	nº aproximado de coexpositores
Seafood Expo Asia, Wanchai – Hong Kong	Setembro 2020	8
SIAL, París	18 ao 22 de outubro de 2020	13

